

# **ESTATUTOS**

**ASOCIACIÓN ESTUDANTIL**

.....  
**DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

## **CAPÍTULO PRIMEIRO DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

**Artigo 1º.-** Constitúese na cidade de Santiago unha asociación de estudantes que se denominará ".....", e que se rexerá pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, pola Lei Orgánica 2/2023, do 2 de marzo, do Sistema Universitario, polos Estatutos da Universidade de Santiago, e as súas normas de desenvolvemento e polos presentes estatutos.

**Artigo 2º.-** Son fins da Asociación: defender os intereses do estudantado (describir de forma precisa.....  
.....

Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar as seguintes actividades:

- 1- Organizar.....
- 2- Procurar.....
- 3.- No caso de ter interese en representar ao estudantado nos organos de goberno da USC, facelo constar.

**Artigo 3º.-** O domicilio principal da Asociación radicará na cidade de Santiago de Compostela, rúa.....  
nº ..... Poderán ser creados locais sociais noutras cidades mediante acordo da xunta directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do Rexistro.

**Artigo 4º.-** A Asociación desenvolverá as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, terá duración indefinida e só se disolverá por acordo da asemblea xeral extraordinaria ou por calquera das causas previstas nas leis.

**Artigo 5º.-** A xunta directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a xunta directiva e a asemblea xeral, dentro da súa respectiva competencia.

## **CAPITULO II DOS ORGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN**

**Artigo 6º.-** A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo presidente, a xunta directiva e a asemblea xeral.

**Artigo 7º.-** O presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra.

O presidente será designado pola asemblea xeral entre socios e o seu mandato durará un ano.

**Artigo 8º.-** A xunta directiva estará formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

**Artigo 9º.-** Os cargos que compoñen a xunta directiva serán gratuítos, elixiranse pola asemblea xeral e durarán un período de 1 ano aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. O persoal de secretaría, se o houberse, será nomeado pola xunta directiva, que acordará ademais a súa retribución.

**Artigo 10.-** É función da xunta directiva programar e dirixir as actividades sociais e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

**Artigo 11.-** A xunta directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o presidente ou o vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo presidente e, na súa ausencia, polo vicepresidente ou o secretario, por este orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. Das sesións o secretario ou, no seu defecto, o vicepresidente levantará acta, que se transcribirá ao libro de actas.

**Artigo 12.-** Os membros da xunta directiva presidirán as comisións que a propia xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vogais que acorde a xunta directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a xunta directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

**Artigo 13.-** O presidente da xunta directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 7º, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levantar as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñer o plan de actividades da asociación á xunta directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordenar os pagamentos acordados validamente.

O presidente será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que, ademais, substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 14.-** O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de socios e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade.

**Artigo 15.-** O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos sociais.

O tesoureiro formalizará o orzamento anual dos ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior que deben ser presentados á xunta directiva para que esta, a súa vez, os someta á aprobación da asemblea xeral.

**Artigo 16.-** Cada un dos compoñentes da xunta directiva terá os deberes propios do seu cargo, así como os que nazan das delegacións ou comisións que a propia xunta lles encomende.

Incumbirá de maneira concreta ao secretario velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións, custodiando a documentación oficial da Entidade e facendo que se cursen ao Organismo encargado as comunicacións sobre designación da xunta directiva, celebración de asembleas xerais, cambios de domicilios, formalización de estado de contas e aprobación dos orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondentes ao ano anterior.

**Artigo 17.-** A asemblea xeral, integrada por todos os socios, é o órgano supremo da Asociación e se reunirá sempre que o acorde a xunta directiva, por propia iniciativa ou porque o solicite a décima parte dos socios.

Obrigatoriamente a asemblea xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, unha vez ao ano, dentro do mes de xaneiro, para aprobar o plan xeral de actuación da Asociación, censurar a xestión da xunta directiva, aprobar, de ser o caso, os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondete ao ano anterior.

**Artigo 18.-** A asemblea xeral reunirse en sesión extraordinaria cando o esixan as disposicións vixentes ou así o acorde a xunta directiva, en atención aos asuntos que deben tratarse, e, en todo caso, para coñecer as seguintes materias: disposición ou alleamento de bens, nomeamento da xunta directiva, solicitude da declaración de utilidade pública, modificación de Estatutos e disolución da Asociación.

**Artigo 19.-** As convocatorias das asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea xeral en primeira convocatoria haberán de mediar, polo menos, quince días, podendo, así mesmo, facer constar a data na que, se procedera, reunirse a asemblea xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra xuntanza poida mediar un prazo inferior a vinte e catro horas. No suposto de que non se previra no anuncio a data da segunda convocatoria deberá ser esta data con oito días de antelación á data da xuntanza.

**Artigo 20.-** As asembleas xerais, tanto ordinarias, como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representados, a maioría dos asociados, e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concurrentes.

**Artigo 21.-** Os acordos das asembleas xerais adoptaranse por maioría de votos. Non obstante será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados, presentes ou representados, para adoptar acordos en asemblea xeral extraordinaria sobre disposición ou alienación de bens, nomeamento de xuntas directivas, solicitude de declaración de utilidade pública, modificación de Estatutos e disolución da asociación.

### **CAPITULO III DOS SOCIOS: OS SEUS DEREITOS E DEBERES**

**Artigo 22.-** Poderán ser membros da Asociación as persoas maiores de idade que dalgunha maneira teñan interese en servir aos fins da mesma e sexan admitidas pola xunta directiva, que poderá outorgar o nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que isto leve consigo a condición xurídica de socio.

**Artigo 23.-** Quen desexen pertencer á Asociación solicitarallo por escrito ao presidente, que dará conta á xunta directiva, quen resolverá sobre a admisión ou inadmisión do socio, sen ningún recurso contra o seu acordo.

Non se adquire a condición de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada na contía e forma que estableza a xunta directiva.

**Artigo 24.-** Os socios poderán solicitar a súa baixa na Asociación voluntariamente, pero isto no lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes para con ela.

A xunta directiva poderá separar da Asociación a aqueles socios que cometan actos que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma. A separación será precedida de expedientes no que deberá ser oído o interesado, e contra o acordo da xunta directiva caberá recurso perante a primeira asemblea xeral que se celebre.

**Artigo 25.-** Os membros da Asociación terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para todos os socios.
- b) Exercitar o dereito de voz e voto nas asembleas xerais.
- c) Ser nomeado membro da xunta directiva na forma que prevén estes Estatutos.
- d) Posuír un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- e) Que se lles poña de manifesto o estado de contas dos ingresos e gastos da Asociación todos os anos.

**Artigo 26.-** Serán obrigacións de todos os socios:

- a) Acatar os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola asemblea xeral e pola xunta directiva.
- b) Aboar as cotas de entrada e as periódicas que acorde a xunta directiva.
- c) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que desempeñen.

**Artigo 27.-** Os socios poderán ser sancionados pola xunta directiva por infrinxir reiteradamente os presentes Estatutos ou os acordos da asemblea xeral ou da xunta directiva. As sancións poden comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes ata a separación definitiva da Asociación, nos termos que preve o artigo 24.

## **CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 28.-** A asociación carece de patrimonio ao consituirse e o límite do orzamento anual non excederá de 120.202,42 €.

**Artigo 29.-** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada que sinala a Xunta directiva.
- b) As cotas periódicas que acorde a mesma.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poidan recibir en forma legal.
- d) Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a xunta directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

**Artigo 30.-** A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente, co fin de que os socios poidan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto no apartado e) do artigo 25 destes Estatutos.

**Artigo 31.-** A aplicación do patrimonio no caso de disolución deberá reverter en beneficio da Universidade de acordo co artigo 32 do Estatuto do Estudantado da Universidade.